Asunto: INFORME RELATIVO AO ANTEPROXECTO DE LEI DE MUSEOS E OUTROS CENTROS MUSEÍSTICOS DE GALICIA .

Mediante escrito de data 26 de xuño 2019 (remitido por REXEL en data 27 de xuño, rexistro electrónico nº 2019/658944) a Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo, remite a este centro directivo o Anteproxecto de *Lei de Museos e outros centros museísticos de Galicia*, acompañado dunha memoria xustificativa de legalidade, acerto e oportunidade, dunha memoria económico-financeira, e da táboa de vixencias correspondente, ao tempo que solicita a emisión do informe previsto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA).

O texto remitido ten por obxecto a regulación dos Museos e centros museísticos de acordo co marco normativo establecido no artigo 4.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia que dispón que os poderes públicos de Galicia facilitarán a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social, e o artigo 27.18 que regula a competencia exclusiva da nosa Comunidade Autónoma en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese de Galicia.

Na actualidade, a regulación dos museos está contida na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que non foi obxecto de desenvolvemento regulamentario, polo que na practica, moitos dos aspectos que afectan á xestión destes centros non sempre atopaban resposta normativa.

A experiencia acumulada, xunto coas novas demandas do sector e da cidadanía, aconsellan unha norma propia e específica, que ofreza unha regulación global e máis detallada, non só dos museos e as coleccións, senón tamén de todas as manifestacións de natureza museística que foron xurdindo nos derradeiros anos, ao mesmo tempo que se reforza a función educativa, investigadora e comunicativa que deben ter.

O anteproxecto de Lei contempla varios procedementos administrativos iniciados a instancia de parte, entre os cales atópanse:

- Creación e cualificación dun museo ou colección museográfica (Artigo 13.2).
- Creación e cualificación dun centro de interpretación do patrimonio cultural (Artigo 14.2).
- Saídas de fondos museísticos (Artigo 32).

Respecto aos procedementos administrativos iniciados a instancia de parte cómpre salientar que a normativa de desenvolvemento dos procedementos e os formularios de solicitudes e de comunicacións previas asociados, deberán axustarse á Guía de textos e formularios normalizados aprobados polo Consello da Xunta o día 22 de abril de 2014 e actualizados por Resolución conxunta do 22 de decembro de 2016, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Axencia para a modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que se aprova a versión 2.0 das Guías para a habilitación

CVE: VVoD9Zwfe8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

electrónica de procedementos e publicadas o día 26 de decembro de 2016 no DOG, e dispoñibles na *http://intranet.xunta.gal/guias-habilitacion-procedementos*.

Para a habilitación dos procedementos administrativos na sede electrónica, a normativa de desenvolvemento que regule os mesmos, deberá contar cun informe tecnolóxico e funcional favorable emitido conxuntamente polos órganos con competencias horizontais en materia de administración electrónica e avaliación e reforma administrativa da Xunta de Galicia, en virtude do disposto no artigo 6 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e de acordo co disposto na Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos

Visto o anterior, e tendo en conta que o texto remitido ten por obxecto dar cumprimento ás previsións normativas citadas, esta dirección xeral **INFORMA FAVORABLEMENTE** o Anteproxecto de Lei de Museos e outros centros museísticos de Galicia.

Por último, aos efectos de cumprir coas obrigas en materia de transparencia e polo que respecta á creación do Consello de Centros Museísticos de Galicia, recórdaselle que o responsable de transparencia da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo deberá tramitar a súa inclusión na relación dos órganos colexiados adscritos á Consellería de Cultura e Turismo no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, conforme sinala o artigo 7 a) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, indicando a súa composición e as normas polas cales se rexe.

Santiago de Compostela

A directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

Natalia Prieto Viso

Asinado por: PRIETO VISO, NATALIA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 15/07/2019 13:40:04

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

CVE: VVoD9Zwfe8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve